

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 17 DE XUÑO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezasete de Xuño de mil novecentos noventa e seis; ás dúas da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-
Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste, Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-
los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 10 de Xuño.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito que contén recurso de reposición asinado por Don Arsenio González Rodríguez, industrial taxista desta Vila, no que interesa declaración de nulidade revocando e deixando sen efecto a resolución do expediente sancionador do que foi obxecto por infracción do Regulamento de Servicio Público de Autotaxi, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda

desestima-lo devandito recurso por non aportar ningún dato obxectivo que determine a improcedencia da sanción imposta.

Visto o escrito de Don Jesús Martínez Santamaría, veciño desta Vila, con domicilio na rúa do Ribeiro, 13, 1º esquerda, no que interesa licenza municipal para adscribir ó servizo público de transporte sanitario, ambulancia, o vehículo matrícula OR-2257-S; e vista a documentación técnica que se acha no expediente, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado. O interesado fará aboamento neste Concello da cantidade de 6.800 pesetas, importe da taxa pola concesión da licenza, sen o cal requisito ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Dona Paula María Domínguez Martínez, con domicilio a efectos de notificación en rúa Ribeiro, 15, baixo e rúa Piñeiral 12, 4º esquerda, no que interesa licenza municipal para adscribir ó servizo de transporte sanitario, ambulancia o vehículo Renault, 18 GTD, matrícula PO-3393-T, e vista a documentación técnica que se acha no expediente, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado. O interesado fará aboamento neste Concello da cantidade de 6.800 pesetas, importe da taxa pola concesión da licenza, sen o cal requisito ficará nula e sen efecto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Circular nº 33/96, sobre acampadas ilegais incontroladas.

Da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, concedendo unha subvención por importe de 700.000 pesetas, para actividades relativas ó fomento da información xuvenil. A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acepta-la devandita subvención nos termos que figuran no escrito.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación das Normas de redución de tarifas en función da capacidade económica dos obrigados ó aboamento do Prezo público por prestación do servizo de ensinanzas especiais

(Conservatorio de Música de Ribadavia)

Para unidades familiares de 3 membros (Cónxuxes e un fillo menor de 18 anos)

Rendas familiares anuais iguais ou inferiores á metade do Salario Mínimo Interprofesional, axuda polo importe total dos dereitos de matrícula e exame e das taxas cuatrimestrais.

Rendas familiares anuais iguais ou inferiores ó Salario Mínimo Interprofesional e superiores á metade do SMI, axuda polo importe das taxas cuatrimestrais.

Rendas familiares anuais iguais ou inferiores ó Salario Mínimo Interprofesional incrementado num 75 por 100 e superiores á unidade do S.M.I., axuda polo 50 por 100 das Taxas Cuatrimestrais.

Para unidades familiares de 4 ou máis membros (Cónxuxes e dous ou máis fillos menores de 18 anos)

Rendas familiares anuais iguais ou inferiores ó Salario Mínimo Interprofesional, axuda polo importe total dos dereitos de matrícula e exame e das taxas cuatrimestrais.

Rendas familiares anuais iguais ou inferiores ó Salario Mínimo Interprofesional incrementado nun 75 por 100 e superiores ó S.M.I., axuda polo importe das taxas cuatrimestrais.

Rendas familiares anuais iguais ou inferiores a 2 veces e media ó Salario Mínimo Interprofesional e superiores ó S.M.I. incrementado nun 75 por 100, axuda polo 50 por 100 das Taxas Cuatrimestrais.

O valor catastral do patrimonio da unidade familiar non superará a cantidade de 4.000.000 pts. considerandose a tal efecto os valores catastrais dos bens inmobles de natureza rústica e natureza urbana.

Normas comúns á tramitación das axudas:

A solicitude de axuda presentarase no Concello e nela constará o nome de tódolos membros da unidade familiar.

Achegarase copia da última declaración do IRPF efectuada, ou no caso de non estar obrigado a presentala, declaración expresa de tal circunstancia con expresión da renda anual da unidade familiar.

Informará o expediente de concesión de axuda o servizo de asistencia social.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, por subhasta e por vía de urxencia, da obra Saneamento en Ribadavia correspondente o Plano Base de 1996.

Así mesmo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó seguinte: **PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERAN A SUBHASTA PARA ADXUDICACION MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO AS OBRAS DENOMIANDAS "SANEAMENTO EN RIBADAVIA", EN TRAMITACION DE URXENCIA.-**

Obxecto da licitación.- Constitúe o obxecto do contrato a realización polo procedemento aberto mediante subhasta e tramitación urxente da obra " Saneamento En Ribadavia", correspondente ó Plano Base 1996, de acordo co proxecto técnico redactado polo enxeñeiro agrónomo, D. Pablo Millán Trillo e o prego de cláusulas administrativas.

Tipo de licitación.- Once millóns oitenta e seis mil pesetas (11.086.000 ptas.), incluído IVE, podendo ser mellorado á baixa.

Prazo de execución da obra.- A obra executarase no prazo máximo de seis meses (6 meses) contado dende o día seguinte ó da expedición da acta de comprobación de replanteo.

Financiación da obra.- A obra é financiada polo MAP, Deputación e Concello e será aboada contra certificacións debidamente formuladas e aprobadas.

Fianzas.- Os licitadores deberán constituír unha fianza provisional equivalente ó 2% do importe total da licitación. A garantía definitiva establécese no 4% do importe total da licitación.

Clasificación do contratista.- Non se exige.

Exposición do expediente.- Na Secretaría Xeral do Concello tódolos días hábiles de 9,00 a 14 horas, agás os sábados, durante o prazo establecido para a presentación de proposicións.

Prazo e lugar de presentación de proposicións.- No Rexistro Xeral do Concello, sito na Praza Maior núm. 1, 32400 Ribadavia, Ourense, no prazo de trece días naturais contados a partir do primeiro día seguinte ó da publicación da convocatoria no B.O.P.

Proposicións.- A presentación das proposicións, presupón por

parte do contratista que acepta incondicionalmente o prego de condicións e a declaración responsable de que reúne tódolos requisitos para contratar co Concello de Ribadavia.

Capacidade para participar na contratación.- Poderán concorrer a esta licitación as persoas naturais ou xurídicas que se atopen en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar e que non estean comprendidas en ningún dos casos de excepción sinalados no artigo 20 e concordantes da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que acrediten a súa solvencia económica, financeira, técnica e profesional.

Documentación.- A documentación presentarase en dous sobres pechados, que terán que ser asinados polo licitador ou polo seu representante.

En cada un farase consta-lo seu número, a relación de documentos que contén o nome do licitador e a seguinte lenda: "Proposición para tomar parte na contratación das obras de "Saneamento en Ribadavia"

*Sobre núm. 1.- Documentación xeral.

Incluirase neste sobre a seguinte documentación:

a) Se o licitador fora persoa xurídica, copia da escritura de constitución ou modificación debidamente inscrita no rexistro mercantil e co cumprimento da obriga imposta no artigo 3.1. da Lei 19/1989, do 25 de xuño.

Se o licitador fora persoa física, copia do DNI, debidamente autenticada mediante compulsas.

Os que comparezan ou asinen proposicións no nome ou representación doutros tanto se son persoas físicas ou xurídicas, presentarán poder declarado bastante por letrado ou pola Secretaría Xeral do Concello.

b) Declaración xurada de non estar incurso o licitador en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade do artigo 20 da Lei 13/1995 do 18 de Maio de Contratos das Administracións Públicas.

c) Resgardo acreditativo de constitución de garantía provisional.

d) Declaración xurada de estar ó día nas obrigas tributarias, da Seguridade Social e coa Facenda Local.

O adxudicatario definitivo presentará certificados orixinais.

e) As sociedades deberán acreditar mediante certificación expedida por persoa competente, que non forma parte dos seus órganos de goberno ou administración, ningunha persoa á que se refire a Lei 25/1983, de incompatibilidades de altos cargos.

f) Copia do recibo de IAE, no epigrafe que o faculte para contratar. O adxudicatario definitivo acreditará antes da sinatura do contrato que figura en alta na correspondente matrícula.

g) Xustificación da solvencia económica e financeira dos concorrentes por un ou varios dos medios sinalados no artigo 17 da citada Lei de Contratos das Administracións Públicas.

*Sobre núm. 2.- Proposición económica

Presentarase escrita a máquina ou en letra maiúscula, sen que se acepten aquelas que presenten raspaduras ou conteñan omisións. A proposición axustarase ó modelo seguinte: A proposición axustarase ó seguinte modelo: Don/a. . ., con domicilio en ...DNI núm...., expedido o ..., en nome propio (ou en representación de... segundo acredita con...), informado/a do expediente e condicións para contrata-las obras de Saneamento en Ribadavia, comprométese á súa execución coa baixa que se sinala: Obras: denominación ..., tipo de licitación ..., baixa que se ofrece... %, Lugar, data e sinatura.

Celebración do acto de licitación.- A apertura de plicas celebrarase na Casa do Concello ás 12 horas do día seguinte hábil (agás sábado) a aquel no que remate o prazo de presentación de proposicións previa constitución da Mesa de Contratación no día e hora sinalados, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue e, coa asistencia do Secretario da Corporación, ou persoa que o substitúa, que será quen dea fe do acto, procedéndose en primeiro lugar ó exame detallado e cualificación da documentación do sobre núm. 1, para determinar se se axusta ó esixido no prego de condicións o que determinará a súa admisión, ou se contén defectos ou deficiencias substanciais, o que determinará o seu rexeitamento. No caso de que a mesa de contratación observara defectos formais na documentación presentada poderá conceder, se así o estimase conveniente, un prazo non superior a tres días para que o licitador subsane o mesmo. Neste caso suspenderase a apertura de proposicións económicas ata o seguinte día hábil a que remate o prazo concedido ós licitadores para subsana-los defectos. De seguido a apertura no sobre núm. 1, a mesa de contratación dará conta do resultado da calificación da documentación xeral presentada polos licitadores nos sobres núm. 1, indicando os licitadores excluídos e mailas causas da súa exclusión, convidando ós asistentes a formula-las observación que se recollerán na Acta. De seguido o Secretario da Mesa procederá á apertura dos sobres núm. 2, e dará lectura das proposicións económicas formuladas por eles, acordando a mesa de contratación a proposta de adxudicación do contrato ó licitador que oferte o prezo máis baixo. A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación non creará dereito algún a prol do adxudicatario provisional fronte á Administración.

Adxudicación definitiva.- A mesa de contratación elevará o expediente ó órgano de contratación para a súa adxudicación definitiva que deberá recaer dentro dos vinte días seguintes ó da apertura de proposicións económicas. A adxudicación que será motivada deberá acomodarse á proposta salvo que esta se fixera con infracción do ordenamento xurídico ou ben cando mediase baixa desproporcionada ou temeraria. O acordo de adxudicación seralle notificado ó adxudicatario para que presente xustificante de que constituiu a garantía definitiva e para a formalización do contrato administrativo. O Contrato entenderase aceptado a risco e ventura do contratista.

Exposición simultánea do Prego de cláusulas administrativas particulares.- Durante os catro primeiros días contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no B.O.P. a fin de que se poidan presentar reclamacións ó Prego.

Réxime xurídico.- No non previsto expresamente neste Prego de Condicións estarase ó disposto na Lei de Contratos das Administracións Públicas, Regulamento de Contratos do Estado, Lei 7/185, do 2 de Abril e, Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de Abril.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as dúas e media da tarde, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.